

**CURSO 2018-2019**



**LINGUA  
GALEGA E  
LITERATURA  
4º ESO**

(CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE  
AVALIACIÓN)



**COLEXIO TIRSO DE MOLINA**

## 1.- CONTIDOS MÍNIMOS

### Comunicación oral e escrita

- Elaboración de textos orais e escritos con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás súas necesidades comunicativas.
- Comprensión de diferentes tipos de textos orais e escritos e análise e valoración do seu uso nos diferentes contextos comunicativos.
- Comprensión do sentido global de textos e mensaxes de diferentes tipos e diferenciación das ideas principais e secundarias presentes neles. Elaboración de resumos e sínteses dos mesmos.
- Recoñecer os contidos explícitos e implícitos presentes en diferentes mensaxes orais e escritas.
- Recoñecemento e análise das principais características e dos distintos elementos dun texto narrativo (narrador, espazo, tempo e personaxes).
- Recoñecemento e análise das principais características de textos prescritivos, argumentativos e propios dos medios de comunicación e Internet.

### Funcionamento da lingua

- Dominio das regras básicas de acentuación e de puntuación. A acentuación diacrítica. Dominio da ortografía.
- Coñecemento dos sistemas fonéticos vocálico e consonántico da lingua galega.
- Recoñecemento, análise e clasificación das clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinantes, pronome, verbo (estrutura, distinción regular/semirregular/irregular, formas non persoais, perífrases), adverbio, preposición, conxunción e interxección.
- Coñecemento dos mecanismos da lingua no plano morfosintáctico: enunciado, oración e frase; constituíntes da estrutura oracional; relacións de coordinación e subordinación... Análise sintáctica de frases e oracións.
- Coñecemento e identificación das relacións e dos cambios semánticos.

- Coñecemento e uso correcto de vocabulario relacionado con distintos ámbitos para que se poidan expresar con claridade e precisión as ideas que se desexen transmitir.

### **Lingua e sociedade**

- Coñecemento da situación sociolingüística de Galicia.
- Coñecemento das principais etapas históricas na formación e evolución da lingua galega, así como dos seus usos sociais.
- Toma de conciencia da situación actual da lingua e das súas perspectivas de futuro.
- Identificación dos principais trazos que caracterizan as variedades dialectais e sociais da lingua.
- Recoñecemento das interferencias lingüísticas con outras linguas. Uso en cada caso das expresións e construcións propias da lingua galega.

### **Educación literaria**

- Coñecemento das características fundamentais dos períodos e dos escritores da literatura galega do século XX e XXI.
- Análise da relación entre os autores, as súas obras e os movementos literarios máis relevantes.
- Realización de traballos de análise e comentario sobre textos literarios de diversos tipos e épocas, con especial atención aos seus contidos e aos procedementos formais empregados, así como unha valoración persoal deles.

## 2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os alumnos e as alumnas deberán demostrar o dominio oral e escrito da lingua axeitado ao seu nivel, xa que a competencia activa nunha lingua comprende o ámbito oral e escrito. É indispensable, polo tanto, o emprego da lingua oral adecuada en todos os actos comunicativos da clase (tanto co/a profesor/a coma cos compañeiros e compañeiras). De non empregaren a lingua apropiada, serán avaliados negativamente, aínda que posúan a corrección esixida no ámbito escrito e o mesmo sucederá no caso contrario.

Así pois, de forma xeral, o nivel de lingua empregada terá carácter vinculante: un alumno ou unha alumna non acadará unha avaliación positiva cando teña graves deficiencias na mesma e pode obter unha avaliación negativa tamén en caso dun excesivo número de faltas gramaticais (naqueles casos contrarios á estrutura da lingua descontarase, en xeral, -0,05 puntos, agás nos casos moi graves como o emprego de tempos compostos, a incorrecta utilización do pronome persoal..., nos que o desconto será de -0.1 puntos); de presentar importantes carencias na aprendizaxe de contidos mínimos (cuestións en branco, traballos non presentados, lecturas non realizadas...), considerarase igualmente que non acada os obxectivos desta Programación Didáctica.

En cada trimestre realizaranse dúas probas escritas e unha proba oral sobre os contidos abordados nos cinco bloques da Programación. As primeiras representarán o 70 % da nota (35% cada unha) e a segunda o 10%. Deste xeito, o conxunto total das tres probas suporá o 80% da cualificación final en cada avaliación. Na 1ª e 2ª avaliación o 20% restante da nota dividirase en dúas partes:

- 10% proba escrita da lectura obrigatoria (a non superación desta suporá automaticamente a cualificación negativa ao final da avaliación),
- 10% traballo e actitude. Nesta parte avaliarase o seguinte:
  - seguir as explicacións do profesor e mostrar interese por elas;
  - ter un afán participativo;
  - realizar as actividades programadas para facer dentro da aula así como aquelas que se manden facer na casa e intentar que as respostas sexan o máis atinadas posible;
  - traer o material necesario e requirido;
  - asistir a clase e non cometer faltas de puntualidade.
  - ter unha actitude respectuosa cara a profesora e os compañeiros e cumprir coas normas de convivencia na aula.
  -

Na 3ª avaliación ese 20% da cualificación final destinarase a avaliar unicamente o traballo que desenvolva o alumno e actitude que mostre. Avaliaranse os mesmos aspectos citados anteriormente.

A cualificación da materia na convocatoria ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións, que terán o mesmo peso para o cálculo da mesma.

O alumnado que non supere a materia na convocatoria mencionada anteriormente terá a oportunidade de facelo na extraordinaria de setembro, que constará dunha proba escrita baseada nos contidos mínimos do curso que suporá o 100% da nota final.

Aos alumnos que se atopen nesta situación entregaráselles a final de curso un programa con eses contidos para que poidan guiar o seu estudo na época estival.

Por outra banda, os contidos dos bloques *Comunicación oral. escoitar e falar*, *Comunicación escrita. Ler e escribir* e *Funcionamento da lingua* serán avaliados ao longo de todo o curso co fin de comprobar a evolución do alumnado na materia.